

INTERVENCIÓN EDUCATIVA E TRANSICIÓN VERSUS MUNDO SOCIOLABORAL DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

José Raposeiras Correa

Especialista de Orientación Profesional

Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria de Pontevedra

1. INTRODUCCIÓN

A aceptación da diversidade como principio da reforma educativa supuxo importantes avances no ámbito da integración escolar, sen embargo é preciso seguir desenvolvendo programas educativos innovadores que favorezan a integración de todo o alumnado na escola, no traballo e na comunidade en xeral.

Neste senso a aprobación da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990), sinala no seu artigo 36.3 que a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais axustarase ós principios de normalización e integración escolar.

Na nosa Comunidade Autónoma, ó Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG do 6 de agosto) prescribe con carácter xeral que, sempre que sexa posible, a

escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais será nos centros ordinarios. A escolarización nos centros de educación especial, farase só cando as condicións persoais de discapacidade así o requiran ou pola falta de recursos de difícil xeneralización nos centros ordinarios, sempre que se considere que con esta modalidade de escolarización se favoreza o desenvolvemento das capacidades do alumnado con discapacidades graves e permanentes.

O número crecente de xoves con necesidades educativas especiais de carácter permanente que están escolarizados nos centros de educación secundaria e nos centros de educación especial, apuntan a necesidade de seguir a súa formación en contornos cada vez máis integradores e normalizados que favorezan un maior desenvolvemento social que os axude a desenvolver-la súa personalidade cara ó logro dunha boa participación na comunidade que viven. Todo isto obriga a redefinir diversos elementos que configuran a intervención educativa no tramo correspondente á educación secundaria obrigatoria para os escolares dos centros de ensinanza ordinarios, así como para os que están escolarizados nos centros de educación especial na etapa de formación profesional complementaria. Pero a diversidade do alumnado e de situacións educativas demanda unha diversidade de respostas en función das características dos alumnos xunto cos seus distintos contextos.

De aí que se trate de preparar ó alumnado con necesidades educativas especiais, que ten escasas posibilidades de seguir outros estudos, en cuestións persoais e sociais que poidan serlle útiles para a transición da xuventude á vida adulta. Unha formación adaptada que prepare para a incorporación ó mundo do traballo.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NUNHA ANÁLISE LEXISLATIVA

O Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 16 -punto 3- di que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará para os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, que non obteñan o título de graduado en educación secundaria, a formación complementaria que precisen para facilitarlle-la súa inserción no mundo do traballo.

Como consecuencia do anterior, o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, partindo do principio de comprensividade, establece a regulamentación das condicións para a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, asociadas á súa historia persoal e escolar ou debidas tanto a condicións de sobredotación como a calquera discapacidade psíquica, motora ou sensorial, ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, determinando os criterios para a súa escolarización, as medidas de carácter organizativo, pedagóxico e curricular, así como os recursos que posibiliten o máximo desenvolvemento das potencialidades destes alumnos e alumnas nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos e dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No artigo 14 -punto 1- deste Decreto 320 indícasenos que, con carácter xeral, as ensinanzas nos centros de educación especial contemplarán unha educación básica obrigatoria,

conformada por unha formación básica e unha formación profesional complementaria que lles permita ós alumnos integrarse na vida activa e a súa transición á vida adulta. O punto 4, relativo á formación profesional complementaria di que esta terá unha duración mínima de dous anos e que o seu referente serán aquelas capacidades establecidas nos obxectivos educativos dirixidos á adquisición e ó desenvolvemento das aprendizaxes relacionadas coa inserción laboral e coa transición á vida adulta.

3. TRANSICIÓN: INTERVENCIÓN EDUCATIVA VERSUS MUNDO SOCIOLABORAL

O camiño cara a plena incorporación á vida activa e adulta: traxectorias educativas para situar ós adolescentes no mundo productivo (posición, prestixio, responsabilidade na sociedade, estima social e persoal e dereitos legais). Unha transición que implicaría face-la correspondente aproximación ás necesidades non só educativas senón tamén de orde social, laboral e de ocio que a xuventude experimenta ó longo da súa vida: sistemas de axuda que procuren a inserción o máis satisfactoria posible.

O comezo do proceso de transición é responsabilidade inicial do sistema educativo (unha formación para a inserción



sociolaboral, ata os 20 anos) pero o punto final debe atoparse nos sistemas de Traballo e de Protección Social, como sistemas receptores e facilitadores do proceso (centros ocupacionais... mediación das Consellerías de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e de Sanidade e Servizos Sociais). Precisárase pois dunha axeitada coordinación interinstitucional (implicación de varias Administracións), sendo a finalidade principal a incorporación ó mundo sociolaboral.

Tal e como nos comenta *Álvarez Rojo* (1997), os servizos de transición deben centrarse na consecución da independencia, autodeterminación e participación productiva na sociedade. Como elementos críticos da transición *Wehman* (1990) considerou os seguintes:

- Factores locais.
- Eleccións do alumno-a.
- Necesidade de compartir recursos.

- Necesidade de orientadores vocacionais nas escolas.
- Relacións entre escolas e empresas.

Hai que aglutinar tódolos esforzos para conseguir unha verdadeira transición: a que implique -como xa dixemos- a coordinación interdisciplinar entre os centros educativos e os axentes sociais da comunidade (servicios de emprego, familias, servicios sociolaborais...), procurando que o alumnado con necesidades educativas especiais dispoña dos recursos necesarios que lles permita o acceso ó traballo ordinario e/ou protexido. Unha transición que lles facilite a mellor integración posible de futuro, nos ámbitos profesional-laboral e socio-comunitario.

4. OFERTAS EDUCATIVAS PARA A ADQUISICIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE APRENDIZAXES

4.1. OBXECTIVOS

Os programas para a transición ó mundo sociolaboral do alumnado con necesidades educativas especiais deberían ter como finalidade fundamental, a consecución das capacidades básicas cara o desenvolvemento social e laboral deste alumnado con necesidades educativas especiais ligadas a un moi baixo rendemento escolar (que se apartan moi significativamente do

currículo escolar ordinario): servir de transición do período propiamente escolar á vida adulta e ó mundo do traballo.

En xeral, estes programas axustaranse á consecución dos seguintes obxectivos:

1. Afianza-lo desenvolvemento das capacidades que promovan a autonomía persoal con responsabilidade.
2. Fomenta-la participación e a integración social do alumnado na comunidade.
3. Adquiri-los coñecementos, habilidades e destrezas básicas pre-laborais, xerais e/ou específicas axeitadas ás súas capacidades e posibilidades no medio no que se desenvolvan.
4. Favorece-lo desenvolvemento de capacidades relacionadas coa promoción da saúde, equilibrio afectivo e uso do tempo de lecer na procura dunha mellora da calidade de vida.
5. Reforza-las aprendizaxes escolares básicas cara á súa aplicación na vida cotiá.

4.2. DESENVOLVEMENTO DAS APRENDIZAXES

- ◆ No ámbito ordinario, estes programas desenvólvense nos Institutos de Educación Secundaria e no ámbito específico, en Centros de Educación Especial.
- ◆ Estas aprendizaxes pódense levar a cabo tamén en entidades de titularidade privada, que teñan por obxecto á integración laboral do alumnado con necesidades educativas especiais, unha vez soliciten a correspondente autorización ou ben a través do establecemento de convenios de colaboración.

4.3. ¿COMO ESTÁN AS COUSAS NA ACTUALIDADE?

Na nosa Comunidade Autónoma e **dentro do ámbito ordinario**, impártense na actualidade os **Programas de Garantía Social**. Unha medida máis de atención á diversidade, como alternativa ó remate da educación secundaria obrigatoria e para o alumnado que a abandone sen ter acadados os seus obxectivos, son tamén unha oferta educativa de transición ás ensinanzas regradas (acceso mediante proba ós ciclos formativos de grao medio) e ó mundo do traballo (orientación para a inserción laboral). Desenvólvense mediante dúas modalidades:

- Programas de formación educativa e profesional.
- Programas de iniciación profesional (PIP).

Os Programas de Garantía Social están destinados a rapaces e rapazas menores de 21 anos e maiores de 16 ou que cumpran os 16 anos no ano natural no que inician o programa. A organización dos mesmos realízase en grupos de 15 alumnos-as como máximo, oscilando a súa duración entre as 800 e as 1000 horas. Estes programas estrutúranse nas seguintes áreas:


- I. Formación profesional específica.
- II. Formación e orientación laboral.
- III. Formación básica.
- IV. Actividades complementarias.
- V. Tutoría.

No ámbito específico impártense ensinanzas de formación profesional na modalidade de Educación Especial, a través dos **Programas de Garantía Social (Adaptados)**, por exemplo en operario de viveiros e xardíns, pintor-empapelador ou axudante de cociña e fogar. Estes programas teñen, neste caso, unha

duración de dous cursos prorrogables a tres (funcionando en grupos de sete ou de oito alumnos-as, como máximo). Existen grupos propios e mixtos, con intercambios entre eles no primeiro ano e especificando xa máis, no segundo ano. Nos propios Centros de Educación Especial impártense tamén **Obradoiros Ocupacionais ou Pretalleres** (barro, madeira, alfombras e tapices, pretecnoloxía e plástica). Outros preparan ó alumnado en obradoiros ou pretalleres, segundo as súas capacidades... iniciación en carpintería, modelado ou zapatería. Tamén existen centros que contan con grupos de **aprendizaxe de tarefas mixto** -en xardinería e carpintería- (cinco alumnos e alumnas en cada grupo) e logo intentan canalizalos cara os centros ocupacionais, ós centros que teñen cursos financiados polos fondos europeos ou cara o mundo laboral (empresas que admiten alumnado con necesidades educativas especiais e Centros Especiais de Emprego que acollen un 70 % de persoas que presentan minusvalideces físicas, psíquicas ou sensoriais).

A provincia de Pontevedra conta con tres centros públicos de Educación Especial:

- ☐ Príncipe Felipe de Pontevedra.
- ☐ Saladino Cortizo de Vigo.
- ☐ Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa



Igualmente hai Centros Privados de Educación Especial (subvencionados), caso do Colexio Juan XXIII de Pontevedra (de carácter educativo e ocupacional, tendo como finalidade a formación e tamén a colaboración na promoción de actividades de inserción sociolaboral).

O Proxecto SÍSIFO de Vigo (Concello Europa), para alumnos e alumnas entre os 16 e os 21 anos: Cursos Ocupacionais subvencionados cos fondos europeos, en fontanería, electricidade, instalador de gas, caixeiros, habilidades sociais... Convenios do Concello con Empresas (Alcampo, Citröen...), adquirindo o compromiso de formación e de posibles contratacións (segundo as casuísticas).

A partir dos 20 anos e unha vez finalizado o período escolar, hai que pensar xa en **Centros Ocupacionais ou Asociacións** financiadas con fondos comúns de varios organismos e institucións, por exemplo a Fundación Quinesia, a COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos) ou a ONCE (Organización Nacional de Ciegos Españoles). Estes centros contan con talleres de integración para as diferentes minusvalías, sempre que esas persoas teñan posibilidades de inserción

sociolaboral. Tal é o caso do Centro Ocupacional de Portas, AMBAR (Asociación de Minusválidos da Barbanza) ou o Centro Méndez Núñez de Pontevedra, entre outros. Realízanse actividades -por exemplo- de usa-lo transporte público, pedir algo nunha ventanilla ou ir a buscar material para utilizar nos talleres habituais, facilitando así o desenvolvemento persoal e social do alumnado... encontros e reunións que fomenten as relacións interpersoais -celebración de cumpreanos, festas, excursións-... participación diaria nos talleres de vernizado de mobles, encadernación ou decoración, etc.... algo para despois vender nunha mostra anual, buscando así rendibilidade futura e coa idea de que puideran percibir un salario fixo ó mes.

Como ben sabemos, hoxe en día non resulta doado buscar un emprego pola vía ordinaria, por iso hai que ser realistas e ter presente que as persoas -con algún tipo de handicap- contan con poucas posibilidades para acceder ó mercado laboral. Máis ben na empresa familiar ou na propia familia... nivel agrícola... colaboración na casa... economía sumerxida... cobran a pensión de minusvalidez... INTEGRACIÓN A NIVEL FAMILIAR. De tódolos xeitos non cómpre resignarse, debendo sempre procura-lo emprego protexido (existen fórmulas de contratación que poden favorecer-la inserción profesional... bonificacións ou exencións de cuotas á Seguridade Social... vantaxes para a compra de vehículos pola invalidez ou minusvalía, con redución do imposto de matriculación, etc).

4.4. PROPOSTAS DE FUTURO

Por todo o exposto con anterioridade, consideramos que se deberían regulariza-las ofertas educativas para os alumnos e

alumnas con necesidades educativas especiais que requiren compensa-la súa situación de desvantaxe, debida ó seu escaso nivel de desenvolvemento persoal, de adaptación e de integración social nun centro educativo, o que non lles permite acceder á maioría das ofertas escolares en condicións de igualdade. A este tipo de alumnado habería que facilitarlle a oportunidade de acceder a unha oferta educativa, adaptada ás súas necesidades, antes de incorporare ó mundo laboral e social: **os programas para a transición ó mundo sociolaboral do alumnado con necesidades educativas especiais**, dirixidos a promove-lo desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social mediante unha formación profesional adaptada ás súas posibilidades e necesidades.

Estes programas, poderíanse desenvolver nos seguintes contextos:

- ✓ Preparación para a vida ó estilo da Aprendizaxe de Tarefas.
- ✓ Programas ordinarios de Iniciación Profesional coas correspondentes adaptacións curriculares (como unha Formación Profesional Adaptada).
- ✓ Programas de Iniciación Profesional específicos.

4.5. DESTINATARIOS DOS PROGRAMAS

Con carácter xeral, os programas para a transición ó mundo sociolaboral do alumnado con necesidades educativas especiais estarán destinados a aqueles alumnos e alumnas que teñan cumpridos os dezaseis anos de idade no ano da súa matriculación e poderán extenderse, con carácter ordinario, durante un máximo de catro cursos académicos. Dirixidos pois ó

alumnado que cursara a ensinanza básica con adaptacións curriculares individualizadas moi significativas nun Centro Específico de Educación Especial ou nun Centro Ordinario, sempre que presentaran necesidades educativas especiais que aconsellasen continua-lo seu proceso formativo a través destes programas. En todo caso, poderanse adapta-los tempos de escolarización de cada ciclo ós ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerando que o límite máximo de idade -como xa dixemos- será os 20 anos para poder permanecer escolarizado nos centros educativos.

4.6. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Estes programas estarán constituídos por un número reducido de alumnos e alumnas, dependendo das necesidades educativas que presenten. Consideramos que se debería tomar como referente un máximo de sete ou de oito alumnos-as por grupo.



Para o agrupamento deste alumnado hai que ter moi en conta as características persoais do mesmo, en función das súas necesidades educativas especiais asociadas a un limitado desenvolvemento das capacidades básicas. A título orientativo, seguindo a Orde do 18 de setembro de 1990 (BOE do 2 de outubro), suxírense as seguintes proporcións:

- ◆ Un profesor/a para 6-8 alumnos-as con necesidades educativas especiais asociadas a deficiencia psíquica.
- ◆ Un profesor/a para 4-6 alumnos-as con necesidades educativas especiais asociadas a plurideficiencias.
- ◆ Un profesor/a para 3-5 alumnos-as con necesidades educativas especiais asociadas ós trastornos graves de personalidade.

O alumnado que participe no desenvolvemento destes programas, poderá compartir actividades con outros grupos de alumnado do centro de idades próximas: *organización aberta e flexibilidade*.

4.7. ESTRUCTURACIÓN DO CURRÍCULO

Estes programas contarán cun currículo integrado no Proxecto Educativo e Curricular de Centro que será elaborado polo profesorado que participe nos mesmos, contando coa colaboración dos correspondentes Servizos de Orientación.

En calquera caso parécenos acertada a idea de que o currículo, a desenvolver nos programas para a transición ó mundo sociolaboral do alumnado con necesidades educativas especiais, se aplique ó longo de dous ciclos:

❖ C I C L O B Á S I C O.

❖ C I C L O E S P E C Í F I C O.

O Ciclo Básico desenvolverase entre os dezaseis e dezaioito anos, podendo flexibilizarse en función das características do alumnado. Comprendería catro ámbitos formativos:

1. Ámbito da comunicación.
2. Ámbito da autonomía persoal.
3. Ámbito das habilidades sociais.
4. Ámbito de orientación ó traballo.

O Ciclo Específico desenvolverase entre os dezaioito ós vinte anos e abranguería os seguintes ámbitos formativos:

- a) Ámbito da formación básica.
- b) Ámbito de orientación laboral.
- c) Ámbito específico de aprendizaxes profesionais.
- d) Ámbito de actividades de ocio e tempo libre.

Este último ciclo poderíase desenvolver tamén dunha forma integrada: a través de programas ordinarios ou específicos de iniciación profesional e incorporando -na medida do posible- un período de formación nun centro de traballo (centro de emprego especial, centros ocupacionais ou en empresas e/ou centros de emprego ordinario). Ó respecto, poderíanse establecerse convenios de colaboración con entidades especialmente favorables á integración laboral.

4.8. RECURSOS PARA LEVAR A CABO OS PROGRAMAS

Para comezar, cómpre facer un estudio de necesidades do centro e unha avaliación previa do seu alumnado para determina-lo número de profesionais ou de especialistas que se requiren. En todo caso, os centros que contén con estes programas, ó estilo das Aulas de Aprendizaxe de Tarefas do País Vasco, entendemos que deberían contar cos seguintes profesionais:

1. Un Mestre/a Especialista en Pedagogía Terapéutica. Cando os programas se dirixan a alumnado con discapacidades auditivas, o profesorado deberá posuí-la Especialidade de Audición e Linguaxe. Estes profesionais serían os responsables da docencia no ámbito da autonomía persoal, na vida diaria cotiá e no ámbito da integración social, na comunidade.
2. Un profesor ou profesora do Corpo de Profesorado Técnico de Formación Profesional ou profesionais coa titulación equivalente que impartirían a docencia no ámbito da orientación e da formación laboral. Con carácter excepcional, estas funcións poderían ser desempeñadas polo Profesorado de Educación Primaria con preparación específica (temas de preparación para a vida... habilidades sociais, adaptación, as actitudes, tarefas, pretalleres, etc) .
3. Servicio de Fisioterapia.
4. Asistente/a ou Educador/a Social.
5. Persoal Auxiliar (Coidadores/as, Técnicos/as en Coidados Auxiliares de Enfermería...), en caso de ser preciso, para asistir ó alumnado na realización das necesidades básicas que non poidan realizar por si mesmos (hixiene, aspectos sanitarios, desprazamento, etc).
6. Monitores deportivos e de actividades de lecer.
7. Orientador/a (colaboración dos Servicios de Orientación existentes na Comunidade Autónoma).

A Dirección do Centro sería a responsable para determinar quen debe exercer-la función de tutoría, a proposta da Xefatura de Estudos.

Para a súa posta en funcionamento, o centro debería dispoñer dunha dotación especial para a adquisición dos recursos materiais que se precisen, coa finalidade de desenvolver-los obxectivos propostos. O seu equipamento estará adaptado á idade e ás condicións físicas do alumnado, así como ó contorno social.

4.9. ASPECTOS METODOLÓXICOS

Tal e como quedou exposto con anterioridade, o obxectivo fundamental destes programas debería ser-la adquisición de destrezas polivalentes e prelaborais: unha preparación progresiva específica en tarefas máis estruturadas, que procure conseguir ó mesmo tempo niveis de autonomía, independencia e habilidades sociais. Isto permitiríalles acercarse máis á desexada integración laboral en Centros Ocupacionais, en Centros Especiais de Emprego e no mellor dos casos nun emprego ordinario.

Para conseguilo, entendemos que se necesitaría partir dunha *visión integral, motivacional e orientadora*: principios metodolóxicos que favorezan a ensinanza individualizada e adaptada en pequenos grupos, a ensinanza interdisciplinar entre as áreas instrumentais e técnico-prácticas; unha ensinanza sistemática, activa e con significatividade, orientadora (atendendo á diversidade e respectando os ritmos

de traballo e de aprendizaxe) e con avaliación formativa (proceso continuo e constante).

4.10. AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN DESTES ESTUDIOS

Neste apartado estimamos que esta tipoloxía de alumnado debería recibir trimestralmente informes de avaliación relativos a aqueles aspectos educativos recollidos na súa correspondente adaptación curricular individualizada. A elaboración destes informes debería ser realizada polo titor ou titora, a partir da información facilitada por tódolos profesionais que interveñan no proceso educativo.

Ó finalizar cada ciclo, o titor ou titora elaborará un informe detallado sobre os obxectivos alcanzados incluíndo o correspondente consello orientador.

Finalizada a escolarización, sería conveniente que a cada alumno ou alumna se lle expidira, se é o caso, un informe no que constaría o nivel de competencia alcanzado para a realización de tarefas laborais, as súas posibilidades de adaptación a un posto de traballo, o seu nivel de socialización e o dominio das técnicas instrumentais e de expresión conseguido.

Parécenos acertada tamén a idea de emitir un **certificado de estudos** no que se faría constar, entre outros: os datos persoais, datas de inicio e de finalización dos programas realizados así como a especialidade profesional que, no seu caso, cursara e as capacidades acadadas.

5. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER FINAL

Para a súa incorporación á vida activa, en base a unha axeitada inserción sociolaboral do alumnado con necesidades educativas especiais, cómpre colaborar nos deseños sobre proxectos persoais de vida tendo en conta os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social. Así debería solicitarse tamén a colaboración da familia e do entorno para preparar a estes rapaces e rapazas, en función das necesidades laborais e tendo en conta incluso as profesións non vocacionais con demanda no mercado de traballo.

Ó respecto precísase dotalos de competencias, traballando as capacidades dende tódalas áreas curriculares: *capacidade de traballar en equipo, de adaptación, de aprender por si mesmos, de iniciativa e resolución de problemas, de responsabilidade. A intelixencia emocional, as habilidades sociais, preparando para cumprir cos dereitos e deberes laborais (salario económico e sobre todo emocional)*. Desta maneira haberá que adaptarse ás características e peculiaridades individuais do alumnado con necesidades educativas especiais. Necesítase pois que estes xoves contén cunha preparación adecuada para a súa incorporación á vida activa, formando -na medida do posible- profesionais de futuro que teñan **competencias a nivel integral**:

- a) Competencias técnicas, o que implica a posesión de coñecementos. Saberes.
- b) Saber facer: competencias metodolóxicas.

c) Competencias cooperativas ou participativas que leva consigo o dominio das técnicas de aprendizaxe interaccional. Relacionarse e saber estar.

d) Saber ser ou competencias a nivel de personalidade.

O verdadeiro reto dos sistemas educativos actuais debería estar dirixido, hoxe máis ca nunca, cara á capacitación da xuventude e dos adultos ante os cambios cos que se van enfrontar durante a súa vida: as habilidades e destrezas básicas, para a vida e para o traballo, que se precisarán para ocupar de forma satisfactoria e responsable o lugar que lle corresponda na sociedade á que pertencen, aproveitando ó máximo as múltiples transicións que se lles poidan presentar.

6. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei 13/1982, do 7 de abril (BOE do 30 de abril de 1982) de Integración Social dos Minusválidos (LISMI).
- Orde do 18 de setembro de 1990 (BOE do 2 de outubro) pola que se establecen as proporcións profesorado/alumnado na atención educativa dos alumnos-as con necesidades educativas especiais.
- Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro) pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

- Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19 de decembro), pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- Orde do 5 de maio de 1997 (DOG do 29 de maio), pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de xullo de 1998 (Boletín Oficial do País Vasco do 31 de agosto) pola que se establecen criterios de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais e dotación de recursos para a súa correcta atención nas distintas etapas do sistema educativo.
- Orde do 22 de marzo de 1999 (BOE do 10 de abril) pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados ós alumnos con necesidades educativas especiais escolarizados en centros de educación especial.
- Resolución do 20 de maio de 1999 (BOE do 3 de xuño) da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se propón un modelo de programas de formación para a transición á vida adulta, coa finalidade de orienta-la resposta educativa dirixida ó alumnado con necesidades educativas especiais, escolarizado en centros de Educación Especial na etapa postobligatoria.

- Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro (BOE do 26 de xaneiro de 2000), de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalía.
- Real Decreto 1451/1983, de 11 de maio (BOE do 4 de xuño), que regula o emprego selectivo e as medidas de fomento de emprego dos traballadores minusválidos.
- Real Decreto 1368/1985, de 17 de xullo (BOE do 8 de agosto), que regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballan en Centros Especiais de Emprego.

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. REVISTAS E PUBLICACIÓNS ESPECIALIZADAS

Boletín Informativo N° 15 (Integración laboral das persoas con discapacidade. O emprego con apoio - Proxecto Iuvenis 1998/99), Vigo, Fundación Quinesia, 1998.

Boletín XOVE de información e emprego xuvenil (Plan FIP, Escolas Obradoiro, Formación Profesional...). Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, Santiago de Compostela.

Caleidoscopia. La integración laboral y las personas con discapacidad, Madrid, Boletín del Real Patronato N° 37, 1997.

Corporación empresarial. Jornadas sobre discapacidad y empleo,
Madrid, ONCE, 1996.

Familia/ Muller/ Xuventude, Santiago de Compostela, Consellería
de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude,
Revista de publicación trimestral.

*Fundación ONCE para a cooperación e integración social de
persoas con minusvalías (PROGRAMA FORMATIVO 1999
GALICIA)...* Formación profesional ocupacional,
autoempleo, etc; dirixido a persoas desempregadas con
certificado de discapacidade.

INEM. Las personas con discapacidad ante su inserción laboral,
Madrid, Instituto Nacional de Empleo. Subdirección
Nacional de Servicios Técnicos, 1997.

Programas de formación para la transición a la vida adulta,
Madrid, Ministerio de Educación y Cultura. Dirección
General de Centros Educativos: Secretaría General Técnica.
Centro de Publicaciones, 1999.

Programas de Garantía Social, Santiago de Compostela, Xunta de
Galicia. Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria, 2001.

Revista de Educación Especial Quinesia, Vigo, Fundación
Quinesia, publicación semestral.

7.2. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez Rojo, V. e C. García Pastor (1997): *Orientación Vocacional de Jóvenes con Necesidades Especiales. Un programa de transición a la vida adulta*, Madrid, EOS.

Arbea Aranguren, L. e outros (1998): *Comunicación y Programas de Tránsito a la Vida Adulta en Personas con Necesidades de Apoyo Generalizado*, Pamplona, Gobierno de Navarra. Departamento de Educación y Cultura.

Arza, N. (2000): "A orientación profesional para a transición escola-traballo no ensino secundario", *Revista Galega do Ensino*, 26, 183-202.

Bisquerra Alzina, R. (2000): *Educación emocional y bienestar*, Barcelona, Praxis.

Fernández Fernández, S. e M. T. Iglesias García (1997): *Guía de integración laboral para personas con discapacidad. Estándares de calidad*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

García Pastor, C. e V. Álvarez Rojo (1998): "Evaluación vocacional para alumnos con necesidades educativas especiais", *Quinesia*, 25 e 26, 33-52.

-(1998): *Orientación Vocacional de jóvenes con necesidades educativas especiales. Un programa de transición a la vida adulta*, Madrid, EOS.

Jurado, P. (1993): *Integración socio-laboral y educación especial*, Barcelona, PPU.

Otero, P. (1997): *Transición a la vida adulta. Programa formativo para alumnos de educación especial*, Madrid, Escuela Española.

Pallisera, M. (1996): *Transición a la edad adulta y vida activa de las personas con discapacidad psíquica*, Barcelona, EUB.

Ocampo Gómez, C. e C. García Álvarez (1998): "Ensinanza e orientación a distancia con asistencia de ordenador no ámbito da educación para a inserción social e laboral de adultos", *Quinesia*, 25 e 26, 147-173.

Otero Samperio, P. e A. Arroyo Almaraz (1997): *Transición a la vida adulta*, Madrid, Escuela Española.

Pérez i Escoda, N. (1996): *Programa de formació per a la inserció laboral*, Barcelona, CEAC.

Suárez, J.M. (2001): "La orientación e inserción sociolaboral de menores tutelados", *Revista Española de Orientación y Psicopedagogía*, 21 143-159.

Ugarriza, J. R. e R. Mendiá (1997): *La transición a la vida activa de jóvenes con necesidades educativas especiais: Marco Curricular para el Programa de Aprendizaje de Tareas*, Vitoria, Instituto para el Desarrollo Curricular y la Formación del Profesorado (Área de Necesidades Educativas Especiais). Dirección de Renovación Pedagógica-Gobierno Vasco.

Asdo.: ***José Raposeiras Correa***